



Acordo de 16 de xullo de 2025, de Consello de Goberno, pola que se aproba o procedemento para emitir certificacións do nivel de competencia dixital docente asociado ás titulacións universitarias que habilitan para a profesión docente

PREÁMBULO	2
Artigo 1. Obxecto	2
Artigo 2. Persoas destinatarias	3
Artigo 3. Procedemento de solicitude	3
Artigo 4. Certificación	3
Artigo 5. Efectos	3
Disposición final primeira. Habilitación	3
Disposición final. Entrada en vigor	4

PREÁMBULO

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), recoñece no seu artigo 111.bis o papel esencial das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) como recurso didáctico no ensino e a aprendizaxe. Así mesmo, establece a obriga das administracións educativas de fomentar unha utilización segura, inclusiva e igualitaria das TIC, con especial atención á eliminación de estereotipos de xénero e á prevención de riscos en contornos dixitais. Encomenda, ademais, ao Ministerio de Educación e Formación Profesional e Deportes, en colaboración coas comunidades autónomas, a elaboración e actualización dos marcos de referencia da competencia dixital, como instrumentos orientadores da formación inicial e permanente do profesorado.

A Resolución da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial do 4 de maio de 2022 aprobou o novo Marco de referencia da competencia dixital docente (MRCDD), en que se definen as áreas, as competencias, as etapas, os niveis de progresión e os indicadores de logro desta competencia profesional.

Neste marco, a Orde do 1 de xuño de 2023 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades regula o procedemento para acreditar a competencia dixital docente (CDD) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e establece distintas vías para acceder aos niveis do MRCDD (A1, A2, B1, B2, C1 e C2), entre as cales se atopa a modalidade de acreditación mediante títulos oficiais que habilitan para a función docente, obxecto desta resolución.

Ademais, a Resolución do 22 de maio de 2025, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, concretou o desenvolvemento anual da Orde do 1 de xuño de 2023, ao activar os procedementos para acreditar a CDD e establecer os requisitos operativos para cada unha das modalidades recoñecidas no marco normativo, en particular para a modalidade de acreditación polo procedemento de recoñecemento de titulacións oficiais que habilitan para a profesión docente.

Esta resolución regula o procedemento para que o alumnado egresado da Universidade da Coruña (UDC) nas titulacións que habilitan para a profesión docente poida obter unha certificación oficial do nivel de competencia dixital docente asociado á súa titulación, para presentala ante a administración educativa competente conforme as disposicións normativas citadas.

Artigo 1. Obxecto

Aprobar o procedemento para que a UDC emita, por petición das persoas interesadas, certificacións do nivel de CDD ao abeiro da Resolución do 22 de maio de 2025, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convocan os procedementos para a obtención da acreditación da CDD para o persoal docente non universitario dos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. Persoas destinatarias

Poderá solicitar estas certificacións o estudiantado egresado da UDC que obtivese algunha das seguintes titulacións oficiais:

- Graduado ou Graduada en Educación Infantil
- Graduado ou Graduada en Educación Primaria
- Máster Universitario en Psicopedagogía
- Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas

Artigo 3. Procedemento de solicitude

1. As persoas interesadas deberán presentar a solicitude conforme o modelo do anexo. A solicitude achegaráselle por medio da Sede Electrónica da UDC á vicerreitoría con competencias en materia de titulacións.
2. A solicitude deberá acompañarse dunha copia do DNI ou pasaporte da persoa interesada.
3. O prazo para presentar as solicitudes permanecerá aberto mentres estea vixente a normativa autonómica que regula a acreditación da CDD.

Artigo 4. Certificación

1. A UDC emitirá unha certificación oficial asinada pola persoa titular da Secretaría Xeral, coa conformidade da persoa titular da Vicerreitoría con competencias en materia de titulacións, en que constarán os seguintes datos:
 - Titulación oficial acreditada
 - Nivel de CDD, A1 ou A2, que se pode acreditar segundo o MRCDD
 - Áreas e subáreas cubertas, etapas e niveis de progresión e indicadores de logro segundo o marco vixente
2. Esta certificación terá como única finalidade que a persoa interesada poida presentala na convocatoria correspondente da Consellería de Educación para a acreditación oficial da CDD.

Artigo 5. Efectos

A certificación expedida pola UDC non supón en ningún caso a acreditación oficial da CDD, que é competencia exclusiva da Consellería de Educación. As persoas interesadas deberán presentar a certificación xunto coa súa solicitude na convocatoria correspondente.

Disposición final primeira. Habilitación

Habilítase a persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de titulacións para desenvolver esta norma e interpretar as dúbidas que poidan xurdir ao aplicala, mediante as instrucións que sexan oportunas, que deberán ser publicadas no Taboleiro



Electrónico Oficial (TEO) da UDC no caso de ter alcance xeral.

Disposición final. Entrada en vigor

Esta norma entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC

O reitor

Ricardo José Cao Abad

**Anexo. Modelo de solicitude**

DATOS PERSOAIS:		
Apelidos:	Nome:	DNI/Pasaporte:
Data de nacemento:	Nacionalidade:	
Enderezo para os efectos de notificación:	Localidade:	
Provincia:	Código Postal:	País:
Teléfono:	Fax:	E-mail:

DATOS ACADÉMICOS:
Indicar os títulos oficiais cursados na UDC para os que solicita a certificación:
☐ Graduado ou Graduada en Educación Infantil
☐ Graduado ou Graduada en Educación Primaria
☐ Graduado ou Graduada en Logopedia
☐ Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas

SOLICITO ao Vicerreitor/a con competencias en materia de titulacións da Universidade da Coruña a certificación do nivel da competencia dixital docente (CDD) ao amparo da Resolución do 22 de maio de 2025, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convocan os procedementos para a obtención da acreditación da CDD para o persoal docente non universitario dos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo a Resolución reitoral do 16 de xullo de 2025 pola que se aproba o procedemento para a emisión da dita certificación.

Documentación que acompaño:

- ☐ Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou pasaporte da persoa interesada.
- ☐ Outra.

Declaro que son certos os datos consignados nesta solicitude. En caso de falsidade derivaranse as responsabilidades que prevé a lexislación vixente.

_____, ____ de _____ de 20__

(Sinatura do/a interesado/a)

Sr./Sra. Vicerreitor/a con competencias en materia de titulacións da Universidade da Coruña